

Luns, 27 de marzo de 2023

Núm. 60

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Recadación***MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO PREZO PÚBLICO DAS ACTIVIDADES SOCIAIS DO
CONCELLO DO GROVE RESPECTO AO SERVIZO DE VELLOS TEMPOS***A N U N C I O***APROBACIÓN MODIFICACIÓN DAS TARIFAS DO PREZO PÚBLICO DAS ACTIVIDADES SOCIAIS DO
CONCELLO DO GROVE RESPECTO AO SERVIZO DE VELLOS TEMPOS.*

En sesión celebrada o 13/03/2023 a Xunta de Goberno Local aprobou a modificación das tarifas do prezo público das actividades sociais do concello do Grove respecto ao servizo de Vellos Tempos, co seguinte texto definitivo:

TARIFAS

CAPACIDADE ECONÓMICA MENSUAL	PARTICIPACIÓN NO CUSTO DO SERVIZO	COPAGO MENSUAL USUARIO
Ingresos mensuais ata o 85% do IPREM	0%	EXENTO
Ingresos mensuais que non superen o IPREM	16,66%	30,00 €
Ingresos mensuais que non superen o 120% do IPREM	33,33%	60,00 €
Ingresos mensuais que non superen o 140% do IPREM	50%	90,00 €
Ingresos mensuais que non superen o 160% IPREM	66,66%	120,00 €
Ingresos mensuais que non superen o 180% do IPREM	83,33%	150,00 €
Ingresos mensuais superiores ao 180% do IPREM	100%	180,00 €

Para o cálculo do prezo público teranse en conta os ingresos de toda clase de pensións percibidas pola persoa solicitante e do seu cónxuxe ou parella de feito, de ser o caso; realizando o correspondente prorrateo individual do total de ingresos anuais entre 12 meses. Para o cálculo da tarifa do prezo público revisaranse unicamente os ingresos do/a usuario/a é, de ser o caso, o/a seu cónxuxe ou parella de feito, realizando o correspondente prorrateo individual.

XESTIÓN DO PREZO PÚBLICO

O feito imponible do prezo público ven determinado polo desfrute e uso do servizo Vellos Tempos do Concello do Grove por parte dos usuarios/as que soliciten participar no mesmo.

Serán suxeitos pasivos do presente prezo público os solicitantes usuarios/as ou, de ser o caso, os titores legais dos mesmos en caso de incapacidade dos usuarios/as do servizo. A base



Luns, 27 de marzo de 2023

Núm. 60

impoñible calcúlase polo período efectivo de participación no servizo, de acordo co réxime de prestacións que se sinala no regulamento do mesmo.

O acceso dos usuarios/as ao servizo Vello Tempus será por rigorosa orde de solicitudes, establecéndose de ser necesario unha listaxe de agarda. Non obstante o anterior, en determinados casos de necesidade social, de saúde ou familiar, debidamente xustificadas con informe por parte dos Servizos Sociais municipais poderá engadirse a usuarios/as no servizo sen necesidade de agardar a orde de acceso.

Desde o departamento de Servizos Sociais comunicárase ao servizo de recadación mensualmente antes da finalización do mes, as altas, baixas ou modificacións na prestación do servizo ou tarifas do mesmo.

A cota mensual é obrigatoria dende o día primeiro de cada mes, ou aquel en que teña lugar a incorporación do usuario/a ao servizo, ou a súa reincorporación en caso de suspensión temporal da asistencia ao mesmo, debendo satisfacerse as cotas no domicilio bancario sinalado polo interesado/a.

O período de devengo será mensual, abonándose os recibos a mes vencido, dentro dos 20 días seguintes da finalización do mes, mediante domiciliación bancaria na conta sinalada polo usuario/a na súa solicitude de participación no servizo de Vello Tempus.

BAIXA NO SERVIZO

As baixas na actividade deberán ser comunicadas antes do remate do mes en curso por escrito no Rexistro municipal. Tódalas solicitudes de baixa presentadas no Rexistro despois do día 1 do mes terán que aboar o recibo completo e terán efectos ao mes seguinte.

No caso de devolución dun recibo pola entidade bancaria correspondente, notificarase por escrito ao usuario do servizo, establecéndose un prazo para que os interesados fagan efectivo o abono do importe do recibo na conta bancaria que se lles indique. O impago de 2 cuotas dará lugar a baixa definitiva do servizo.

O Alcalde: Jose A. Cacabelos Rico.

